



Resolución reitoral pola que se desconcentra ou delega a competencia sobre a xestión de créditos

Os artigos 36.1 l) e n) e o 112.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, sinalan que lle compete ao reitor, entre outras, a función de autorizar os gastos e ordenar os pagamentos en execución do orzamento da Universidade, e que esta función, se é o caso, poderá delegala.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, regula a delegación de competencias (artigo 9) e permite, así mesmo, a desconcentración da titularidade e o exercicio das competencias atribuídas aos órganos administrativos noutros xerarquicamente dependentes daqueles (artigo 8).

Por razóns de eficacia cómpre asignar aos diferentes órganos unipersoais a xestión dos créditos que teñan relación coa súa actividade universitaria para un mellor cumprimento das finalidades que se lles encomendan.

De conformidade co anteriormente exposto, a proposta da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e da Xerencia, e logo do informe favorable da Secretaría Xeral

RESOLVO:

Primeiro.- Desconcéntrase nas persoas titulares da Secretaría Xeral, Vicerreitorías e Xerencia as competencias de autorización de gasto, compromiso de crédito e recoñecemento da obriga dos créditos consignados nas súas respectivas seccións orzamentarias.

Segundo.- Desconcéntrase nas persoas titulares do decanato ou da dirección de facultades e escolas e nas persoas titulares da dirección dos consellos de departamento as competencias de autorización de gasto, compromiso de crédito e recoñecemento da obriga dos créditos asignados ás facultades, escolas e departamentos, respectivamente.

Terceiro.- Desconcéntrase nas persoas titulares da dirección dos centros de investigación e institutos universitarios a competencia de xestión dos gastos asignados a ditos centros e institutos.

Cuarto.- Delégase nas persoas titulares da Presidencia do Consello Social e a Valedoría Universitaria o exercicio das competencias de autorización de gasto, compromiso de crédito e recoñecemento da obriga dos créditos consignados nas súas respectivas seccións orzamentarias.

Quinto.- Desconcéntrase na persoa titular da Xerencia a competencia para ordenar pagamentos de todos os expedientes de gasto orzamentarios e non orzamentarios.

Na data de sinatura electrónica.

O Reitor

Ricardo J. Cao Abad